



PROGRAMACIÓN GRUPO A abril – xuño 2018

Así empieza lo malo, de Javier Marías



Juan de Vere acaba de finalizar os seus estudos e atopa o seu primeiro emprego como secretario persoal de Eduardo Muriel, un outrora exitoso director de cinema, no Madrid de 1980. O seu traballo permítelle entrar na privacidade da casa familiar e ser espectador da misteriosa desdicha conxugal entre Muriel e a súa esposa Beatriz Noguera.

Entrega: 11 abril

Cambio de data: Comentario: MARTES 24 abril
Commemoración do Día do Libro

A nena do abrigo de astracán, de Xabier P. DoCampo



A vila de Ribadaínsua é a narradora e protagonista dos acontecementos dramáticos dos últimos meses de 1947, que algúns quixeron agochar, para amosar aos seus habitantes como aniñara o mal entre eles e como os abranguera dunha forma asfixiante. Un relato que reflicte un mundo que, aparentemente afastado, dá explicación de como todo se constrúe e controla desde a toma do poder e o dominio do territorio onde se exerce.

Entrega: 25 abril

Comentario: 9 maio

Una desolación, de Yasmina Reza



Un pai, cara ao final da súa vida, fala ao seu fillo para expresarlle toda a súa «desolación». O seu rancor contra todos, os seus parentes, os seus amigos, a xente coa que se cruza na rúa, e moi especialmente contra o seu fillo. Un fillo que se converteu nun «adaptado» a unha época branda e conformista.

Entrega: 9 maio

Comentario: 23 maio

Del color de la leche, de Nell Leyshon



Mary, unha adolescente que vive nunha granxa da Inglaterra rural de 1830, ten o pelo da cor do leite e naceu cun defecto físico nunha perna, é enviada a traballar como criada para coidar á muller do vigairo. Entón, ten a oportunidade de aprender a ler e escribir, de deixar de ver «só unha chea de raias negras» nos libros. Con todo, conforme deixa o mundo das sombras, descobre que as luces poden resultar mesmo máis cegadoras.

Entrega: 23 maio

Comentario: 6 xuño

REMATE DA TEMPADA